

A dinámica de reprodución social da casa fidalga galega no século XVIII¹

ANTONIO PRESEDO GARAZO*

Sumario

Durante o século XVIII, o estamento nobiliario galego –e dentro deste, principalmente a fidalguía– acadara o cénit da súa capacidade para controlar unha parte considerable dos resortes políticos e económicos do antigo reino de Galicia; e de feito, non cabe a menor dúbida de que se asiste ó apoxeo da “civilización dos pazos”. En boa medida, estes éxitos non se poden comprender en toda a súa complexidade sen atender ás pautas seguidas polo grupo á hora de deseñar a súa reprodución social, moi condicionada por un modelo característico no que a casa exerce como centro vertebrador. Nas seguintes páxinas preténdese explicar, precisamente, cáles son os elementos intrínsecos deste modelo de reprodución social, e así mesmo qué significado concreto –material e inmaterial– ten a casa para este estamento.

Abstract

During the XVIIIth century, the Galician noble class- and principally the hidalguía- has reached the highest competence to control a considerable part of the political and economic means of the old Galician Kingdom, and, as a matter of fact, there can be no doubt that this was the height of prosperity of the “pazos” civilization”. To a great extent, this success can’t be completely understood without paying attention to the models followed by this social group when it comes to planning their social reproduction, where the household is the essential structure. In the next pages we try to explain this social reproduction model’s inherent elements, and, in the same way, the specific significance (physical and immaterial) of the household.

1. A FIDALGUÍA GALEGA NO SÉCULO XVIII: UN GRUPO SOCIAL DOMINANTE E HETEROXÉNEO

Poucos sectores sociais da Galicia do Antigo Réxime teñen suscitado, durante os últimos anos, un interese tan evidente entre os historiadores galegos que se aproximaron á historia das elites, como a categoría nobiliaria da fidalguía. Un rápido repaso á media ducia de memorias de licenciatura e teses de doutorado especializadas nesta temática histórica, dirixidas polos catedráticos Ramón Villares Paz e Pegerto Saavedra Fernández, e defendidas na Universidade de Santiago de Compostela desde tres lustros atrás ata os nosos días, non fai senón confirmar este presuposto inicial da nosa reflexión (Leirós de la Peña, 1986; Domínguez Castro, 1992; Migués Rodríguez, 1997 e 2002; Presedo Garazo, 1997a e 2001a; e Iglesias Blanco, 2003)².

O certo é que non podía ser doutro xeito se temos en conta que a mediados do século XVIII, coincidindo co momento no que a Monarquía Ilustrada decidiu acometer o gran

*Antonio Presedo Garazo é investigador do Instituto de Estudios Gallegos “Padre Sarmiento” (CSIC-Xunta de Galicia). Santiago de Compostela.

1 Este traballo foi realizado no marco do proxecto de investigación: “Los pazos de Galicia: Hidalgos y señores en el Antiguo Régimen” (XGPS 2002.09).

2 Vid. as sínteses recentes de Saavedra Fernández (1997 e 1998), Villares Paz (1999), Migués Rodríguez (2000), e Presedo Garazo (2001b).

reto loxístico de catastrar os seus dominios casteláns, co obxecto de valorar a posibilidade de aplicar o cobro dunha contribución única ós seus súbditos, o continxente da poboación nobiliaria chegaba a representar un 3,2% dos veciños (Rey Castelao, 1998: 243) e un 5% da poboación (Gasalla Regueiro e Saavedra Fernández, 2000: 511) residente dentro dos límites xeográficos comprendidos polo antigo reino de Galicia, que acadaba por entón, en conxunto, 1.299.312 habitantes (Saavedra Fernández e Villares Paz, 1985: 446).

Existían, non obstante, algunhas diferencias estruturais entre unha comarca e outra, e incluso, se aplicamos análises microhistóricas, sería posible detectar asimetrías intraestamentais que afectan ós fidalgos dunha mesma circunscrición, que nos impiden referirnos a este sector social privilexiado como se dun grupo homoxéneo e hermético se tratase (Presedo Garazo, 2001a: 96 ss. e 343-346). Todo o contrario, o que predomina é a heteroxeneidade estamental, doadamente comprobable se reparamos nos desiguais niveis de fortuna que se detectan no seo do grupo, así como nas diversas orixes sociolóxicas e cronolóxicas dos que o integran (Migués Rodríguez, 2002: 123-135; Presedo Garazo, 2001a: 230-231; e Domínguez Castro, 1996: 126-130).

Por norma, constátase unha maior presenza fidalga nas provincias interiores, en torno ó 8% en Lugo (Burgo López, 2002: 368), en contraste co que sucede na Galicia occidental, onde este continxente dificilmente era capaz de superar o listón do 2%³. Algunhas porcentaxes correspondentes a certas comarcas e xurisdiccións da antiga provincia de Santiago durante o século XVIII poden servirnos para ilustrar mellor esta tendencia.

comarca ou xurisdicción	data	% de veciños fidalgos
Montes	1752	0,46
A Ulla	1752	0,79
Morrazo	1708-1787	1,14-1,20
Trasdeza	1708-1717	1,86


Táboa 1. Presencia fidalga en catro comarcas e xurisdiccións da antiga provincia de Santiago durante o século XVIII. Fonte: Elaboración propia a partir de Fernández Cortizo (2002: 237), Rey Castelao (1981: 159), e Rodríguez Ferreiro (1973: 83 e 1981: 219).

Pero incluso neste panorama xeral, era notoria una concentración fidalga máis acusada no ámbito urbano que no rural. Así, por exemplo, tal como sinalou Ofelia Rey Castelao (1998: 244), a fidalguía representaba o 15,5% dos veciños da cidade de Lugo en 1752⁴, o 28,6% na Coruña e o 22,5% en Ourense, sendo superadas estas porcentaxes, incluso, por algunhas vilas do interior como Monforte, Verín e Monterrei. Outras cidades e vilas presentaban, pola contra, unhas porcentaxes máis baixas de veciños fidalgos, como por exemplo Betanzos co seu 6,10%, que, aínda así, superaba con creces á porcentaxe media de fidalgos dos núcleos rurais occidentais (Vaquero Lastres, 1986: 53), ou Rianxo co seu 2,93% de veciños de condición fidalga⁵.

3 De feito, a fidalguía acostumaba a representar un 1,10% na estrutura profesional da sociedade rural da Galicia occidental en 1752, tal como demostrou Dubert García (1992: 116).

4 A porcentaxe de Lugo experimentou, ademais, un lixeiro incremento, se temos en conta os datos procedentes do padrón de veciños de 1763, momento no que os veciños fidalgos representaban un 16% da veciñanza desta cidade (Burgo López, 2001: 134).

5 Dato calculado a partir de Comoxo e Santos (1997: 53-54).



Casa do Rego, chamada 'Do Rego do Pazo, sita en feligresía de Santiago de Boimorto, mayorazgo fundado en 1643, por D.ª Juana García de Prado y Ribadeneira, para dotar con mejora a su hijo segundo D. Gregorio Manuel de Prado Ribadeneira y Salgado de Gundin, esposo de Doña Isabel de Seijas Aimentel de Sobomayor.

Fig. 1.- Casa do Rego do Pazo, na freguesía de Santiago de Boimorto (concello de Boimorto).
Debuxo: Benjamín Prado Díaz (1972).

Ademais, había algunhas comarcas rurais nas que a presenza de súbditos fidalgos, sen acadar as elevadas porcentaxes das vilas e cidades, podía chegar a superar os valores porcentuais aplicables á provincia na que se asentaban. É o que sucede co elevado 15% de veciños fidalgos no Concello de Burón –Lugo- en 1752 (Saavedra Fernández, 1979: 78), que supera con creces a media provincial do 8% de Lugo, case idéntico ó 15,5-16% da capital; e tamén co 19,51% de veciños fidalgos no Couto de Cudeiro –Ourense-⁶, fronte ó 22,50% da capital.

Estes individuos foran borrados dos padróns de *pecheros* debido á súa calidade de fidalgos, e, polo tanto, estaban exentos de contribuír ó servizo real. Sen embargo, contan con orixes sociolóxicas moi dispares⁷. Unha parte deles, que debemos considerar minoritaria, aínda poden entroncar por liña directa de varonía cos seus devanceiros remotos de orixe fidalga que fundaran os primeiros morgados da casa pouco antes de mediados do século XVI, e que ampliaron o patrimonio da mesma á costa do mercado da terra principalmente entre 1580 y 1650. Un exemplo que pode ilustrar esta casuística é o da Casa de Torés, da liñaxe de Ribadeneira, situada na franxa oriental da provincia de Lugo⁸.

6 Porcentaxe calculada a partir do Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPOu), Catastro de Ensenada (CE), Libros de Persoais de Legos, lib.2541, e Arquivo Xeral de Simancas, Dirección Xeral de Rendas, 1ª Remesa, Interrogatorio, lib.214, ff.370r. segs.

7 Tivemos ocasión de valorar con detalle esta cuestión recentemente en Presedo Garazo (2003a).

8 Arquivo Ducal de Medinaceli, Torés, carts. 1, 5, 6 e 11.

Bastantes máis procedían de pólas familiares, tamén troncais, que arrancaran de segundóns destas antigas casas fidalgas, ou de individuos que estiveran ó servizo delas, xeralmente desempeñando o cargo de escudeiros, e que xa aparecen plenamente asentadas a mediados do XVI. A Casa de Noceda, en As Nogais, entra dentro do primeiro subgrupo, posto que as súas orixes históricas, que se remontan ata finais do século XV, atópanse, precisamente, nunha póla troncal da Casa de Torés⁹. Así mesmo, no segundo subgrupo podemos destacar á Casa de Lagariños, en Coles, estudiaa polo Prof. Ramón Villares (1982: 77), xa que o seu fundador foi Lopo Conde, quen servira ó conde de Ribadavia en calidade de escudeiro; e tamén a Casa de Mirapeixe, en Rábade, xa que arranca da mellora vincular outorgada por Alonso Ares Sanxurxo da Barreira en 1565, quen exercera de meiriño e xustiza na vila de Outeiro de Rei ó servizo do conde de Vilalba¹⁰.

Pero a maioría adquirira máis recentemente, entre 1650 e 1750, o estatus de fidalguía gracias á política matrimonial e a unhas estratexias de reprodución social moi calculadas¹¹. De aí que os seus primeiros devanceiros en intentar ennobrecer o seu sangue foran xentes procedentes do ámbito do dereito, da milicia, do clero, do comercio, e mesmo tamén -debido á enorme polarización que experimenta a sociedade galega nesta etapa histórica- dos sectores máis avantaxados do escaso campesiñado acomodado con suficiente capacidade económica como para acumular excedentes agrarios. Entre as que teñen a súa orixe en individuos integrados no contorno do dereito, podemos citar á Casa de San Fiz, en Chantada, que comeza a súa andaina co escribán Esteban Tenreiro, tal como nos lembra Villares Paz (1982: 77), ou algunhas das casas fidalgas da Terra de Montes –e entre elas, a dos Ogando-, estudiaas recentemente por Fernández Cortizo (2002: 239-245). No que se refire a aquelas que parten de individuos procedentes do ámbito da milicia, poderíamos poñer de exemplo algunhas das casas fidalgas que entroncan coa Casa-Nova de Golán, en Melide, a partir de mediados de século XVII, e que proceden da Mariña de Betanzos¹². Entre as que teñen a súa orixe no estamento eclesiástico, compre salientarmos á Casa de Fontefiz, en Coles (Leirós de la Peña, 1986: 10). E así mesmo, entre as que inician a súa andaina a partir de xentes do ámbito comercial, os Boán do Pazo de San Damián, en Amoeiro, estudiaos por Ferro Couselo (1972: 7) resultan un exemplo axeitado¹³; do mesmo xeito que a Casa da Fraga, en Friol, á hora de valorarmos as orixes campesiñas dalgunhas casas fidalgas (Presedo Garazo, 1997b).

9 AHPOu, Casas Particulares (CP), Casa do Castro, Noceda, caixas 5 e 6.

10 Arquivo da Casa de Mirapeixe (ACM), en Rábade, Mirapeixe, caixa 1.

11 Segundo unha mostra de vinte casas fidalgas da Galicia interior, a etapa de maior actividade fundacional atópase principalmente entre 1650 e 1750 (Presedo Garazo, 2001a: 195-197); coincidindo, pois, cos resultados obtidos por María Teresa Pérez Picazo para o reino de Murcia (1990: 53).

12 Arquivo da Casa da Fraga (ACF), en Friol, Libro becerro redactado polo fidalgo don Juan Francisco Valeriano Varela y Aguiar.

13 Tamén se inclúe algunha información –aínda que resulta francamente minoritaria- sobre antepasados de casas fidalgas que se dedicaron a actividades comerciais, entre os expedientes de limpeza de sangue dos colexiais que obtiveron unha bolsa no Colexio Maior de Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela entre 1580 y 1800. Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS), Fondo da Universidade, Sección Histórica, Probas de limpeza de sangue, carts.202-209 e 365-373. Vid. unha recente análise neste mesmo senso en Presedo Garazo (2003a). Sen lugar a dúbidas, a reflexión máis acertada en relación con este aspecto da socioloxía das orixes da fidalguía galega é a de Saavedra Fernández (1985: 567-571).




Fig. 2.- Pazo de Bascuas, na freguesía de Santa María de Renda (concello de Arzúa).
Debuxo: Benjamín Prado Díaz (1972).

Xunto con estes desiguais ritmos de acceso á fidalguía e ás heteroxéneas orixes sociais dos que a integran, tamén debemos ter en conta á hora de explicar a enorme diversidade compositiva deste maioritario sector nobiliario a mediados do século XVIII, as distintas oportunidades de acumular un patrimonio extenso –á vez material e inmaterial-, ou pola contra, de máis reducidas dimensións¹⁴. Así que a estas alturas tan avanzadas da Época Moderna galega, resulta practicamente insalvable a distancia económica, e incluso intraestamental, que separa ó reducido grupo de casas fidalgas que foran capaces de acumular uns ingresos superiores a 1.000 Hls. anuais¹⁵, basicamente en cereais e viño, logo dunha exitosa política secular de entroncamentos familiares e dunha formidable capacidade para actuar sobre o mercado da terra, que así mesmo debemos considerar xa integradas na elite urbanizada de rendistas legos do reino¹⁶, daqueloutra maioritaria

14 En relación coas diversas estratexias económicas seguidas pola fidalguía galega á hora de consolidar os seus patrimonios, vid. os traballos fundamentais de Villares Paz (1982: 80 ss.) e Saavedra Fernández (1985: 436 ss.).

15 Entre elas, o marquesado de Montaos, con 942 Hls./ano en 1744 (AHUS, Fondos privados, Marquesado de Montaos, caixa 15, nº19), a Casa de Noceda, con 1.025,67 Hls./ano en 1777 (AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, caixa 7, nº20), o marquesado de Mos, con 1.548,12 Hls./ano en 1787 (AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, caixa 2), e o marquesado de San Martiño de Hombreiro (Miguéns Rodríguez, 1997: 114).

16 Na media en que se trata de rendistas que incluso superan con creces o listón dos 200 Hls./ano co que identificou o Prof. Ramón Villares (1982: 50) ós rendistas excepcionais na Galicia do Antigo Réxime.

fidalgúa rural modesta cuns patrimonios agropecuarios que resultaban, en ocasións, de menores dimensións cas do campesiñado acomodado que residía preto da súa casa-grande, e que, debido a esta circunstancia, se viran na obriga de traballar directamente as súas explotacións agrícolas, tal como viña sucedendo no Concello de Burón, nas comarcas da Ulla e do Morrazo, e en boa parte da provincia de Ourense (Saavedra Fernández, 1979: 78 ss.; Rey Castelao, 1981: 159; Rodríguez Ferreiro, 1981: 233; e Domínguez Castro, 1996: 129)¹⁷.

Agora ben, todos eles gozaban de recoñecemento, e sobre todo prestixio, naquelas poboacións próximas ó emprazamento do soar orixinario da súa casa (Saavedra Fernández, 1997: 139-146) –verdadeiro centro do seu capital simbólico–, sobre o cal fora construído, e en ocasións reedificado, o seu pazo (Vila Jato, 1993), no que acostumaban a residir –aínda que no caso das familias máis acomodadas, tan só en contadas ocasións ó longo do ano (Presedo Garazo, 1999: 186-188) –. Precisamente, a mediados do século XVIII, estes maxestosos edificios residenciais, que aínda hoxe en día podemos contemplar nas comarcas galegas (García Iglesias e COAG, 1989; e Lobato, 2001), contaban cunha importante carga simbólica para as familias que os posuían, xa que non só eran o centro económico en torno ó cal xiraban multitude de intereses, senón que representaban en si mesmos o éxito destas familias que, xeración tras xeración, residiran dentro das súas paredes xestionando un patrimonio amortizado en sucesivos vínculos. A fin de contas, as súas grosas murallas e paredes eran unha metáfora perfecta da solidez do modelo de familia troncal, propio da fidalguía galega moderna, baseada nun sistema de reprodución social centrípeta que tiña na casa o seu verdadeiro epicentro organizador.

2. ESTRUCTURA DOS FOGARES FIDALGOS A MEDIADOS DO SÉCULO XVIII

Esta dinámica centrípeta xa se consolidara bastante tempo atrás, xusto cando, nos dous primeiros cuartos do século XVI, os antigos sectores legos máis avantaxados da sociedade baixomedieval galega, entre eles, algúns fidalgos e, sobre todo, oficiais xurisdiccionais que estiveran ó servizo das poderosas casas nobiliarias, conseguiran adaptarse ós novos tempos baseando o seu poder nun patrimonio que, debido a unha interpretación interesada das Leis de Toro de 1505, podía ser integrado en melloras vinculares sen necesidade de dispor de licencia real, e adoptando, por emulación, un modelo de reprodución social baseado no morgado, xa posto en funcionamento, dende mediados do XV en adiante, por algunhas das casas nobres ás que eles mesmos viñan servindo (Fernández Suárez, Framiñán Santas e Presedo Garazo, 2002: 44-47).

A lóxica pola que se rexen os grupos sociais inmersos en procesos de ascenso social nas sociedades europeas de Antigo Réxime, de imitar os hábitos e comportamento daqueles sectores da sociedade dominantes que xa gozan de certo recoñecemento e dun estatus avantaxado¹⁸, foi determinante para que este modelo reproductivo, adaptado dende cedo

17 Esta proliferación da fidalguía humilde non era exclusiva do ámbito rural, xa que tamén acostumaba a abundar no contorno urbano, como demostrou para o caso da cidade de Santiago de Compostela o Prof. Eiras Roel (1984: 119-122). Noutra capital de provincia da Galicia occidental, como de feito o era Betanzos, a elite fidalga tan só chegaba a representar un 33% deste sector nobiliario (Vaquero Lastres, 1986: 55).

18 Véxase neste mesmo senso, en relación co caso portugués, o exemplo das prácticas de reprodución social seguidas polas familias integradas nas redes de clientela da Casa de Bragança entre 1560 e 1640, en Cunha (2000: 468 ss.); e para o ámbito inglés, Stone & Fawtier Stone (1986).




Fig. 3.- Pazo de Golmar, na freguesía de Roade (concello de Sobrado dos Monxes).
Debuxo: Benjamín Prado Díaz (1972).

ás novas necesidades que lle xorden ó estamento nobre galego coa chegada do século XVI, se puidese difundir, cunha facilidade que non deixa de ser sorprendente¹⁹, entre aqueles sectores da sociedade tardofeudal que conseguiron acceder á calidade de fidalgos entre 1550 e 1750.

A casa, xunto cos principais elementos simbólicos que a representan –basicamente, un apelido composto e unhas armerías cada vez máis complexas–, o grupo de individuos que a integran –sometidos a unha lóxica contraria ó individualismo e tendente a favorecer un comportamento unívoco–, e o patrimonio vincular que permite a súa decente sustentación, marcaran, pois, dende cedo, os pasos a seguir polos membros das familias fidalgas que cohabitaban baixo un mesmo teito que os seus parentes que detentaban a xefatura²⁰. E todos eles, incluídos estes últimos, que adoitan aparecer reflectidos na documentación baixo a fórmula de “*dueños*” ou “*señores*” de casa, identificábanse cun nexo común, xa non excesivamente remoto –como sucedía cos nobres galegos que acadaran un título–, pero si con certa antigüidade, ó cal se sometían e aferraban para protexer a súa condición privilexiada, baseada no feito de seren recoñecidos como fidalgos.

Consecuentemente, a casa actuaba como un referente simbólico para todos os que a integraban, á vez que se identificaba cun soporte material, xeralmente composto polos bens incorporados ós vínculos que fundaran os seus devanceiros, e que se pretendía transmitir por liña sucesoria agnaticia. A aceptación deste presuposto por parte dun individuo nacido no seo dunha casa fidalga no transcurso do XVIII, implicaba, antes de nada, recoñecer que formaba parte dunha cadea familiar forxada baixo o signo da renuncia persoal en pro dun proxecto en común que a propia casa fora deseñando unha xeración tras outra, dende pouco antes do momento en que un antepasado biolóxico, selectivamente identificado pola memoria familiar (Camões Gouveia, 1990: 3), decidira comezar con éxito a actividade fundacional da casa e o seu acceso ós privilexios propios da fidalguía. O testemuño do fidalgo ourensán don Francisco Gómez de Puga y Araúxo, procedente dunha obra autógrafa súa na que pretende describir as súas orixes xenealóxicas a comezos desta centuria, reflicte perfectamente a idea que pretendemos transmitir, cando, con orgullo, admite que:

Siguiendo lo mas verídico que a mi juicio, y de otros, en el espacio de algunos años pude acaudalar: resuelvo dirigir mi pluma al paso de su posibilidad y fuerzas, a mis padres y mas ascendientes que mi cuidado pudo alcanzar: para que los descendientes o venideros den repetidas gracias al criador: imitando en lo posible los memorables y bien dispuestos vestigios de nuestros antecesores; y mediante la divina gracia y misericordia seguirles en esta cortisima vida para verles con infinito gozo en la eterna²¹.

19 Esta afirmación débese, en boa medida, ó feito de que a partir do século XVII (e, sobre todo, na segunda metade desta centuria), este modelo de reprodución social baseado na casa e nas melloras vinculares vai ser adoptado maioritariamente polo campesiñado lugués, tal como demostrou extensamente Hortensio Sobrado (2001: 400 ss.), para quen “Este incremento de protagonismo de la mejora en tierras lucenses [é] fruto de una imitación cultural de la hidalguía, o por puras necesidades económicas”.

20 En relación coa lóxica de casa imperante na aristocracia europea, resultan moi acertadas, pola súa coincidencia con algúns dos principais aspectos do modelo galego, as diversas achegas que debemos neste mesmo senso ó Prof. Nuno G. Monteiro para o caso portugués (1993a, 1993b, 1993c, 1998 e 2000).

21 Francisco Gómez de Puga y Araúxo, *Historia particular de cuatro ramos de que un cristiano tronco se compone, y con humilde fin se endereza a la alabanza y gloria del Criador santísimo del universo*, ca.1704-1705, ms. (Cit. por Fariña Couto, 1993: 257).

Os datos procedentes dos Libros de Persoais de Legos do Catastro de Ensenada dalgunhas comarcas do interior²², nas que se constata una maior presenza fidalga (Rey Castelao, 1998: 243), non fan senón confirmar o triunfo desta dinámica na que é manifesta a enorme dependencia do individuo cara a casa na que naceu e foi educado conforme a un rol específico, ó cal debería someterse ó longo da súa vida.

a. Tamaño medio dos fogares.

ARZÚA E MELIDE						
nº de fogares	Individuos contabilizados			nº individuos por fogar		
	donos e familiares	xentes do servico	Total	donos e familiares	xentes do servico	Total
73	289	192	481	3,95	2,63	6,58

Nota: 1 individuo non determinado.

OURENSE						
nº de fogares	Individuos contabilizados			nº individuos por fogar		
	donos e familiares	xentes do servico	Total	donos e familiares	xentes do servico	Total
218	1.069	381	1.450	4,90	1,74	6,65

Nota: 2 individuos non determinados

b. Estructura por sexos dos fogares.

ARZÚA E MELIDE											
Donos e familiares				Xentes do servico				Total			
varóns		mulleres		varóns		mulleres		varóns		mulleres	
nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
149	51,55	140	48,44	94	48,95	98	51,04	243	50,51	238	49,48
Parcial: 289				Parcial: 192				Total: 481			

Nota: 1 individuo non determinado.


OURENSE											
Donos e familiares				Xentes do servico				Total			
varóns		mulleres		varóns		mulleres		varóns		mulleres	
nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
542	50,70	527	49,29	183	48,03	198	51,96	725	50,00	725	50,00
Parcial: 1.069				Parcial: 381				Total: 1.450			

Nota: 2 individuos non determinados.

Táboa 2. Tamaño medio e estrutura por sexos dos fogares fidalgos das comarcas de Arzúa, Melide e Ourense en 1752.

22 Exactamente, das dúas comarcas de Arzúa e Melide no interior da actual provincia da Coruña (concellos de Arzúa, Boimorto, Curtis, Melide, (O) Pino, Santiso, Sobrado, Toques, Touro e Vilasantar), e da comarca de Ourense, que se atopa no extremo noroccidental da de Ourense (concellos de Amoeiro, Barbadás, Coles, Esgos, Nogueira de Ramuín, Ourense, (O) Pereiro de Aguiar, (A) Peroxa, San Cibrao das Viñas, Taboadela, Toén e Vilamarín). As bases de datos nas que se basean as nosas afirmacións foron elaboradas a partir dos Libros de Persoais de Legos do Catastro de Ensenada correspondentes ós concellos comprendidos por estas tres comarcas. Para Arzúa e Melide, Arquivo Histórico do Reino de Galicia, Catastro de Ensenada (CE), libs. 14, 39, 92, 125, 167, 196, 228, 233, 357, 378, 416, 433, 466, 489, 523, 602, 639, 681, 730, 735, 740, 798, 810, 858, 949, 1027, 1203, 1226, 1268, 1327, 1406, 1496, 1541, 1580, 1662, 1705, 1763, 1786, 1792, 1972, 2046, 2137, 2175, 2184, 2271, 2322, 2327, 2451, 2511, 2571, 2758, 2794, 2912, 2938, 3041 e 3073. E para Ourense, AHPOu, CE, libs. 567, 657, 1037, 1038, 1046, 1050, 1301, 1305, 1308, 1311, 1313, 1316, 1318, 1320, 1324, 1326, 1330, 1802, 1806, 1810, 1814, 1817, 1938, 1941, 1944, 1946, 2479, 2484, 2487, 2489, 2490, 2496, 2500, 2503, 2506, 2527, 2530, 2534, 2538, 2541, 2545, 2549, 2551, 2554, 2557, 2560, 2568, 2573, 2579, 2586, 2590, 2597, 2601, 2604, 2607, 2708, 2710, 2713, 2715, 2717, 2723, 2726, 2729, 2732, 2736, 2739, 2746, 2749, 2753, 2757, 2766, 2772, 2774, 3097, 3101, 3106, 3114, 3122, 3127, 3166, 3170, 3173, 3177, 3188, 3199, 3215, 3219, 3222, 3226, 3230, 3233, 3237, 3240, 3244, 3247, 3456, 3460, 3463, 3466, 3469, 3472, 3689, 3692 e 3705.

Por norma, estes fogares fidalgos eran máis extensos cos do resto dos seus veciños que aparecen asentados nos libros catastrais, á marxe de que foran eclesiásticos ou legos: de media, na comarca de Lugo acadaban os 7 individuos (Sobrado Correa, 2001: 85-86), na de Ourense 6,65, e nas de Arzúa e Melide, conxuntamente, 6,58, superando, en case tódolos casos ás respectivas medias comarcais²³. Xeralmente, os fogares fidalgos dos núcleos urbanos contaban cun número de efectivos lixeiramente maior: só por citar algún exemplo significativo, podemos referirnos, de máis a menos, ós 8,10 individuos por fogar –incluíndo ás xentes do servicio- de Pontevedra, ós 7,48 de Santiago de Compostela, ós 7,03 de Lugo, ós 6,94 de Ourense, ós 6,44 de Monforte e ós 6,20 de Betanzos (Burgo López, 2002: 368; e Dubert García, 1992: 159). Do mesmo xeito, tampouco existía nestes fogares –rurais ou urbanos- un comportamento unívoco no que toca ó número dos seus membros (Gráfica 1). No interior da actual provincia da Coruña, nas comarcas de Arzúa e Melide, a meirande parte dos individuos de calidade fidalga aquí residentes, xunto coas xentes do servicio que os acompañan, adoitaban a pertencer a fogares de entre 2 e 7 membros, e incluso 11; se ben é certo que os de 5 ocupaban o primeiro posto (21,91%), os de 6 o segundo (12,32%), e tanto os de 4 como os de 11 compartían o terceiro (9,58%). Na comarca de Ourense atopámonos novamente cunha pauta semellante: os tamaños de fogares que máis se repiten sitúanse entre 3 e 9 membros, correspondéndolle ós de 6 o primeiro posto (12,84%), ós de 5 e 7 o segundo (11%), e ós de 3 o terceiro (9,17%).



Gráfica 1. Comparación entre os tamaños dos fogares fidalgos das comarcas de Arzúa e Melide coa de Ourense en 1752.

Outro elemento que chama a atención destes fogares extensos radica no feito de que as xentes do servicio tan só representan entre o 26,27 e o 39,91% dos efectivos contabilizados²⁴, polo que entre un 60 e un 73,72% dos individuos integrados nos mesmos

23 Así, por exemplo, nas Terras de Lugo, mentres que o número medio de membros por fogar que predomina no contorno rural é de 5,26, os fogares fidalgos chegan ata 7,01 (Sobrado Correa, 2001: 84-86).

24 Non obstante, debemos advertir que non pretendemos analizar neste traballo o importante papel que desempeñaron as xentes do servicio nas casas fidalgas nesta etapa histórica, posto que se trata dunha cuestión que requiriría por si mesma dunha reflexión monográfica. Pode consultarse unha aproximación a esta temática, cunha descrición detallada das principais características deste sector poboacional integrado nos fogares fidalgos galegos, en Presedo Garazo (2001a: 512-521). Tan só interésanos constatar nesta ocasión, en relación co tamaño medio destes fogares a mediados do século XVIII, que o número medio de criados por fogar acostumaba a situarse entre 1,75 e 2,65 membros: 1,74 na comarca de Ourense, 2,5 na cidade de Lugo (Burgo López, 2002: 368), 2,6 na cidade de Betanzos e os seus arredores (Vaquero Lastres, 1986: 58), e 2,63 conxuntamente nas comarcas de Arzúa e Melide.

atópanse unidos por lazos familiares moi próximos que non acostuman a superar o terceiro grao na liña de parentesco, e, polo tanto, deles vai depender a posibilidade de que a casa chegue a perpetuarse no futuro como célula reproductora.

Apréciase, igualmente, un equilibrio entre os dous xéneros, se ben é certo que os varóns conseguen superar lixeiramente –tan só nun punto e medio- ás mulleres; aínda que se temos en conta o volume total de individuos que residen nestes fogares, sumando á vez os membros das familias fidalgas e as xentes do servicio, ámbalas dúas porcentaxes tenden a presentar valores idénticos. É dicir, xunto ós xefes, residen por igual parentes do xénero masculino e do xénero feminino.

ESTRUCTURAS FAMILIARES	Arzúa e Melide		Ourense	
SOLITARIO:	nº	%	nº	%
Viúvos	3	4,10	0	0,00
Viúvas	2	2,73	4	1,85
Solteiros	3	4,10	5	2,31
Solteiras	4	5,47	9	4,16
TOTAL	12	16,43	18	8,33
NUCLEAR:	nº	%	nº	%
Parella conxugal	2	2,73	13	6,01
Parella conxugal + fillos	16	21,91	83	38,42
Viúvo/a + fillos/as (ou netos/as) e xenros/noras	18	24,65	35	16,20
TOTAL	36	49,31	131	60,64
EXTENSO:	nº	%	nº	%
Ascendente	2	2,73	17	7,87
Descendente	1	1,36	6	2,75
Colateral	4	5,47	24	11,11
Ascendente e colateral	4	5,47	7	3,24
Descendente e colateral	3	4,10	2	0,92
TOTAL	14	19,17	56	25,92
MÚLTIPLE:	nº	%	nº	%
Ascendente	1	1,36	0	0,00
Descendente	0	0,00	4	1,85
Colateral	0	0,00	0	0,00
Descendente e colateral	1	1,36	5	2,31
Fréreche	9	12,32	2	0,92
TOTAL	11	15,06	11	5,09

Nota: 2 fogares indeterminados na comarca de Ourense.

Táboa 3. Estructuras familiares das casas fidalgas das comarcas de Arzúa, Melide e Ourense en 1752.



Fig. 5.- Casa de Soutelo, na freguesía de San Pedro de Cudeiro (concello de Ourense).

A análise das estruturas familiares incide no peso destacado -aínda que non hexemónico- dos fogares complexos entre esta fidalguía amplamente rural. Sen embargo, convén matizar algúns aspectos. O primeiro que chama a atención é que o modelo de familia nuclear resulta predominante tanto no interior da actual provincia da Coruña como no extremo noroccidental de Ourense, e tamén nos fogares fidalgos da cidade de Betanzos e os seus arredores cun 68,80% (Vaquero Lastres, 1986: 55), o cal non resulta estraño se temos en conta que se trata da estrutura imperante nas familias galegas do momento (Fernández Cortizo, 1991: 330-332; e Dubert García, 1992: 89-90)²⁵. En ámbalas dúas áreas, a modalidade de “parella conxugal sen prole” -resulta minoritaria, en beneficio da tipoloxía “parella conxugal con prole” maioritaria en Ourense cun 63,35% sobre a totalidade dos fogares fidalgos nucleares-, e da de “viúvo/a con prole” -principal modalidade nuclear en Arzúa e Melide, ó supoñer un 50% deste conxunto-. Non menos relevantes resultan os fogares fidalgos con estrutura solitaria, na medida en que nestas comarcas sempre superan ós múltiples. E incluso dentro destes, o predominio dos/as solteiros/as fronte ós/ás viúvos/as estanos a indicar que un nada desdeñable 58,33% dos fogares solitarios de Arzúa e Melide, ademais dun 77,77% dos de Ourense, estaban rexentados por fidalgos célibes que foran capaces de prescindir da casa. Ou expresado noutros termos, tamén estamos a

²⁵ Non obstante, facémonos partícipes da recente reflexión de Hortensio Sobrado (2001: 89) en relación coa alta presenza da tipoloxía nuclear entre os fogares campesiños lucenses á altura de 1753 (48,6%), que cremos pode servir para explicar a alta representatividade desta estrutura familiar entre os fogares fidalgos da Galicia interior: “El análisis de la estructura familiar lucense a través del empleo de la tipología de Laslett, puede conducir a fomentar una imagen un tanto artificial de las estructuras complejas, reduciendo su importancia cuantitativa respecto a las nucleares”.

asistir á aparición das primeiras emancipacións de familiares que pretenden situarse á marxe desta dinámica pese á súa orixe fidalga, e que finalmente, xa introducidos no século XIX, farán cambalear este modelo reproductivo, sobre todo a partir de mediados da centuria (Presedo Garazo, 2001a: 319-320).

As familias fidalgas que se organizan a partir dunha estrutura extensa nestas tres comarcas rurais da Galicia interior ocupan o segundo posto, xusto despois das que contan cunha estrutura nuclear. Incluso se lles engadimos os fogares con estrutura múltiple, chegan a superar o tercio do total: un 34,23% en Arzúa e Melide, e un 31,01% Ourense. Trátase, a non dubidalo, dunha das probas máis evidentes da troncalidade característica dos fogares fidalgos galegos, estreitamente condicionada pola adopción dun modelo sucesorio non igualitario que facilita que un individuo concreto, xeralmente o *pater familias* (Gacto, 1984: 37-66; Chacón Jiménez, 1995: 75-104; e Rodríguez Sánchez, 1990: 365 ss.), goce dun gran poder dentro do marco de convivencia familiar, no cal, el vai desempeñar a xefatura da casa ata que se formalice, contractual e operativamente, o relevo xeracional (Presedo Garazo, 2001a: 268-275 e 309 ss.). Unha proba o bastante expresiva diso témola no feito de que incluso un 24,65% dos fogares fidalgos de Arzúa e Melide –o principal continxente dos mesmos–, aínda sendo nucleares, atópanse baixo a xefatura dun/ha viúvo/a, e o mesmo sucede en Ourense, onde o 16,20% que supón esta tipoloxía ocupa o segundo posto sobre o total, xusto despois da modalidade nuclear de “parella conxugal con prole”.

a. Arzúa e Melide

Tramos de idades	Varóns			Mulleres		
	Sol.	Cas.	Viu.	Sol.	Cas.	Viu.
- de 18	55	0	0	45	0	0
18-24	20	1	0	11	2	0
25-39	11	12	1	8	5	1
40-49	4	6	1	0	6	4
50-80	3	13	10	4	5	9
81-95	0	0	1	0	0	0
TOTAL	93	32	13	68	18	14

Nota: Todos os familiares que só aparecen como “*mayores de 18 años*” foron incluídos no tramo de 18-24 anos. Non se tivo en conta os 51 individuos (11 varóns e 40 mulleres) dos que se descoñece a súa idade.

b. Ourense

Tramos de idades	Varóns			Mulleres		
	Sol.	Cas.	Viu.	Sol.	Cas.	Viu.
- de 18	253	1	0	164	0	0
18-24	83	7	0	45	10	0
25-39	13	51	0	15	39	2
40-49	7	43	2	4	13	8
50-80	7	41	17	10	15	32
81-95	1	0	0	0	0	3
TOTAL	364	143	19	238	77	45

Nota: Todos os familiares que só aparecen como “*mayores de 18 años*” foron incluídos no tramo de 18-24 anos. Non se tivo en conta os 185 individuos (16 varóns, 167 mulleres e 2 non determinados) dos que se descoñece a súa idade.

Táboa 4. Estructura por idades e sexos dos fogares fidalgos das comarcas de Arzúa, Melide e Ourense en 1752.




Fig. 6.- Detalle do dote concertado en 1733 para casar a dona Isabel Vázquez Eraso, señora do couto de Oíns (na comarca de Arzúa), con don José Rafael de Nóvoa y Vázquez, herdeiro primoxénito da Casa de Souto de Rei, na freguesía de San Pedro de Cudeiro (comarca de Ourense). Procede do Arquivo da Casa de Souto de Rei, en Ourense.

Se atendemos á idade e ó estado civil dos individuos integrados nestes fogares, a primacía da solteiría é un feito incuestionable, tal como se desprende do elevado 67,39% dos varóns e do 68% das mulleres pertencentes ás familias fidalgas de Arzúa e Melide, ou do 69,20% dos varóns e do 66,11% das mulleres da fidalguía de Ourense. A porcentaxe de individuos que chegan a abandonar o fogar, ben para integrarse noutro distinto, ou ben - en menor medida- para fundar outro novo, sitúase así nun reducido 32,65% dos varóns e nun 32% das mulleres dos fogares fidalgos arzuáns e melidenses, e nun 30,79% dos varóns e nun 33,88% das mulleres dos fogares fidalgos ourensáns. É dicir, dous tercios dos parentes que residen ó amparo do xefe de casa, así sexan homes ou mulleres, viven sometidos á súa autoridade en estado de solteiría; e só un tercio dos mesmos pode concibir fundar un novo fogar ou incorporarse a outro, pero despois de cumprir os 25 anos, xa que son escasos os exemplos de descendentes desposados/as antes deste tramo de idade²⁶.

a. Arzúa e Melide

FILLOS								
Solteiros				Casados para casa				Total fillos
- 18	+ 18	Tot.	%	- 18	+ 18	Tot.	%	
44	15	59	100	0	0	0	0	59
FILLAS								
Solteiras				Casadas para casa				Total fillas
- 18	+ 18	Tot.	%	- 18	+ 18	Tot.	%	
44	9	53	98.14	0	1	1	1.85	54

Nota: Descoñécese a idade exacta de 5 fillos, 9 fillas e 1 individuo indeterminado.

b. Ourense

FILLOS								
Solteiros				Casados para casa				Total fillos
- 18	+ 18	Tot.	%	- 18	+ 18	Tot.	%	
225	68	293	97,34	1	7	8	2,65	
								301
FILLAS								
Solteiras				Casadas para casa				Total fillas
- 18	+ 18	Tot.	%	- 18	+ 18	Tot.	%	
139	41	180	95,74	0	3	3 + 5	4,25	
								188

Nota: Descoñécese a idade exacta de 2 fillos e 82 fillas (5 delas casadas).

Táboa 5. Fillos e fillas que cohabitan cos donos de casa nos fogares fidalgos das comarcas de Arzúa, Melide e Ourense en 1752.

26 Outros datos referidos á idade media ó primeiro matrimonio entre as familias nobres de contextos europeos diferentes ó galego, tamén parecen confirmar esta tendencia ó matrimonio tardío durante o século XVIII. Por citar tan só algúns casos significativos e suficientemente coñecidos, podemos referirnos, en primeiro lugar, á idade dos varóns ó primeiro matrimonio no ámbito castelán, para sermos máis exactos entre a alta nobreza a comezos desta centuria, que Janine Fayard (1982: 268) fixou entre os 30 e os 49 anos. En segundo lugar, en Portugal, segundo nos lembra Nuno G. Monteiro (1993b: 929), a idade das mulleres procedentes das casas aristocráticas ó primeiro matrimonio vaise situar no tramo 20-29 anos a partir de 1750. En terceiro lugar, en Francia xa está documentada esta idade tardía ó primeiro matrimonio entre a “nobreza pobre” así como entre a grandeza dende finais do século XVI e durante todo o XVII (Labaut, 1972: 136; Meyer, 1981: 35-36; e Hudemann-Simon, 1986: 91). Tomando como exemplo o modelo rexional bretón, no período 1701-1769, os nobres varóns bretóns acceden ó seu primeiro matrimonio con 30,8 anos e as mulleres con 28,2 (Nassiet, 1997: 255-273). E finalmente, en cuarto lugar, no ámbito británico, Peter Laslett (1978²: 154-155) –segundo a Lawrence Stone- fixou a idade ó primeiro matrimonio entre a *gentry* inglesa en torno ós 25 anos entre 1558 e 1641; resultando algo máis prematura a idade dos nobres escoceses ó se desposaren en primeiras nupcias: 22,5 anos en 1560-1637 e 23,6 durante o século XVII, tal como demostrou recentemente Brown (2000: 116).

Practicamente a totalidade da prole permanece solteira mentres reside baixo o amparo da autoridade paterna. En Arzúa e Melide, atópanse nesta tesitura o 100% dos fillos e o 98,14% das fillas, e en Ourense, o 97,34% dos fillos e o 95,74% das fillas. Polo que a porcentaxe de fillos e fillas casados/as para casa non só resulta certamente moi reducido, sen superar en ningún caso o 4,25% sobre o total en ámbolos dous sexos, e sendo sempre superior entre as fillas que entre os fillos; senón que, ademais, conséntase un sometemento máis férreo a esta dinámica centrípeta por parte dos descendentes masculinos fronte ós femininos, posto que é maior a porcentaxe de fillos solteiros varóns maiores de 18 anos que permanecen en casa, que o das fillas en idéntica situación. Este modelo de reprodución social semella dar prioridade, pois, a certa actitude proclive ó sometemento disciplinar da prole ós dictames do xefe de casa, quen, para evitar a disgregación patrimonial dos bens aportados pola dote da súa consorte, e así mesmo dos gananciais que ámbolos dous foron acumulando ó longo das súas vidas, opta por permitir que se desposen selectivamente os seus fillos ou fillas, sempre e cando o seu matrimonio redunde en beneficios obxectivos –na meirande parte das ocasións tamén inmateriais- para a casa á hora de acceder a un recoñecemento sociopolítico maior no ámbito local, ou de ascender dentro da xerarquizada división interna que presenta este sector social privilexiado.

Grado de Parentesco	Arzúa e Melide		Ourense	
	nº	%	nº	%
Pais, sogros/as e tíos/as	7	3,72	13	1,81
Irmáns/as e cuñados/as	43	22,87	44	6,12
Fillos/as e xenros/noras	121	64,36	590	82,17
Sobriños/as	10	5,31	11	1,53
Netos/as e sobriños-netos/as	5	2,65	49	6,82
Bisnetos/as	0	0,00	3	0,41
Indeterminados	2	1,06	8	1,11
TOTAL	188	100	718	100

Táboa 6. Parentela corresidente nas casas fidalgas das comarcas de Arzúa, Melide e Ourense en 1752.

Non é de estrañar que nas casas fidalgas do interior galego, os xefes que se atopan á fronte de fogares con estruturas familiares extensas e múltiples vivan na compañía de parentes en primeiro e segundo grao -ascendentes, descendentes e colaterais-, entre os cales, despois dos seus propios fillos, xunto cos seus xenros e noras, abundan os seus irmáns, os seus netos, e incluso os seus pais, nais, sogros/as e tíos/as, ós cales temos que engadir aínda os seus sobriños/as. A fin de contas, a dureza deste modelo de reprodución social obrigáballes a ser solidarios con aqueles familiares que tiveran que sacrificar as súas propias vontades para que a casa se puidese perpetuar. O fidalgo lugués don Blas María Rubiños así llo manifestaba perfectamente ó seu fillo don Vicente, nunha carta que lle enviou en 1806, co obxecto de lle refrescar a conciencia lembrándolle algunhas das súas obrigas, e facéndolle saber que:

No te digo mas, enttiendolo como debes pues no eres bobo y no puedo ablarlte mas claro, (...) ten presente el ser hijo de obediencia, que a no ser tus padres y primero tu tío [sic] no eras // sino un bil gusano de la tierra como tu no ignoras sino es que te agas un insinsatto.²⁷

²⁷ ACM, Pardo-Montenegro, leg.39, mazo II, *Libro de correspondencia de don Blas María Rubiños*, ff.34v.-35r. Véxase unha transcripción íntegra deste libro de correspondencia en Presedo Garazo (2003b).

3. ELEMENTOS FUNDAMENTAIS DA DINÁMICA DE CASA E DA REPRODUCCIÓN SOCIAL

Entre os principais elementos desta dinámica centrípeta, baseada nun modelo de reprodución social que pretende someter ós membros da familia a un xogo de intereses condicionado pola perpetuación da casa, merece unha atención singular o relevo xeracional. Este modelo sucesorio imposto pola lóxica da casa non só afecta ó relevo na xefatura, senón que vai máis aló para condicionar activamente a súa política matrimonial (Gacto, 1984; Casey, 1989: 67 ss.; Ago, 1995; Chacón Jiménez, 1995; e Goody, 2000: 30-31). Ámbolos dous factores, isto é, sistema sucesorio e política matrimonial, actúan nunha mesma dirección no seo das familias fidalgas, e son os verdadeiros responsables –xunto coa tupida rede de influencias políticas que teceu a casa nos eidos local e comarcal– do rol específico que vai desempeñar cada parente biolóxico no seu compromiso persoal cara a súa casa de procedencia.

Neste senso, xa comprobamos como os datos do Catastro de Ensenada para mediados do século XVIII sérvennos para delimitar un modelo familiar no que predomina un tamaño certamente amplo, entre 6,5 e 7 membros; no cal, pese ó predominio da familia nuclear e da aparición dalgúns vestixios que indican certo desexo de emancipación familiar –aínda moi tenue–, é evidente a gran pegada da troncalidade, verificable a través da presenza de abundantes fogares extensos e múltiples, e tamén daqueles que, aínda sendo nucleares, están presididos por algún/ha viúvo/a. En ámbolos dous casos, o rol do xefe, dono ou señor da casa, que coincide coa figura xurídica do *pater familias*, resulta case infranqueable, e en boa medida isto é debido a que o individuo que ocupa este posto na xerarquía familiar o fai porque existe un documento legal, de máis ou menos antigüidade, pero con vixencia a fin de contas, que estipula quen ha de acceder a este cargo e, sobre todo, en qué condicións e cándo deben facelo (Presedo Garazo, 2001a: 309-314).

a. Arzúa e Melide

Varóns						Mulleres			
solteiros		casados		viúvos		solteiras		viúvas	
nº	13	nº	27	nº	12	nº	5	nº	16
% total fidalgos (1)	8,72	% total fidalgos	18,12	% total fidalgos	8,05	% total fidalgas (4)	3,57	% total fidalgas	11,42
% total fogares (2)	17,80	% total fogares	36,98	% total fogares	16,43	% total fogares (5)	6,84	% total fogares	21,91
% con xefatura masculina (3)	25,00	% con xefatura masculina	51,92	% con xefatura masculina	23,07	% con xefatura feminina (6)	23,80	% con xefatura feminina	76,19

Nota: 1= 149 varóns fidalgos; 2 e 5= 73 fogares; 3= 52 fogares; 4= 140 mulleres fidalgas; e 6= 21 fogares.

b. Ourense

Varóns						Mulleres			
solteiros		casados		viúvos		solteiras		viúvas	
nº	15	nº	130	nº	21	nº	10	nº	42
% total fidalgos (1)	2,76	% total fidalgos	23,98	% total fidalgos	3,87	% total fidalgas (4)	1,89	% total fidalgas	7,96
% total fogares (2)	6,88	% total fogares	59,63	% total fogares	9,63	% total fogares (5)	4,58	% total fogares	19,26
% con xefatura masculina (3)	9,03	% con xefatura masculina	78,31	% con xefatura masculina	12,65	% con xefatura feminina (6)	19,23	% con xefatura feminina	80,76

Nota: 1= 542 varóns fidalgos; 2 e 5= 218 fogares; 3= 166 fogares; 4= 527 mulleres fidalgas; e 6= 52 fogares.

Táboa 7. Xefaturas das casas fidalgas das comarcas de Arzúa, Melide e Ourense segundo o sexo e o estado civil en 1752.




Fig. 7.- Notas xenealógicas referidas ó vínculo da Casa de Souto de Rei (concello de Ourense), incluídas nun documento de finais do século XVIII. Procede do Arquivo de Souto de Rei, en Ourense.

Sen embargo, o Catastro de Ensenada a penas nos permite ir máis aló á hora de indagar sobre as causas que se derivan deste sistema de reprodución social e, moito menos, cómo consegue perdurar na longa duración entre a elite fidalga do antigo reino de Galicia. Ademais do xa exposto, pode confirmarnos que, en efecto, a mediados do século XVIII, o principal continxente de fogares fidalgos atópase baixo a xefatura de varóns casados, seguidos, a continuación, daqueles que teñen á súa fronte a unha viúva -en primeiro lugar- ou a un viúvo. Os donos sempre deixan sentir a súa autoridade dentro da casa nos seus diferentes ámbitos de actuación socioeconómica, cultural e relacional, aínda despois de que se disolva a parella conxugal que detenta a xefatura logo do pasamento dun dos dous cónxuxes. Ora se trate do xefe xunto co seu consorte feminino, ora dun/ha de ámbolos dous xa enviuvado/a, a súa autoridade resulta un elemento singular deste particular sistema de reprodución social, posto que as expectativas do resto dos membros da familia dependen das decisións que toma, xeralmente aconsellado por algúns parentes que conseguiron acceder a un recoñecemento maior neste acotado contexto relacional -en ocasións, excesivamente restrictivo-. De aí que vivan baixo a súa autoridade, e en ocasións tutela, entre 2,77 irmáns/ás e fillos/as con xenros/noras nos fogares fidalgos de Arzúa e Melide que contan con parentela coresidente, e 3,15 nos de Ourense. E incluíndo ó resto de familiares unidos por lazos sanguíneos ós donos, entre 3,18 e 3,83 individuos segundo nos fixemos no interior da provincia da Coruña ou no extremo noroccidental da de Ourense; dos cales, algo máis de dous tercios atópanse en estado de solteiría.

Os datos catastrais non nos permiten realizar, sen embargo, outro tipo de estimacións que as estritamente relacionadas co perfil estrutural dos 291 fogares fidalgos; moi útiles, iso si, para detectar a existencia dunha lóxica común que parece determinar o futuro do conxunto da parentela en función dos signos de quen desempeña a xefatura. Polo que, se desexamos comprobar cómo se perpetuou esta dinámica de reprodución social centrípeta e o seu verdadeiro alcance durante o Antigo Réxime galego, e máis concretamente no século XVIII, é preciso acudir a outras tipoloxías de fontes históricas a partir das cales podamos realizar o seguimento pormenorizado de todas e cada unha das distintas xeracións biolóxicas que se suceden nunha serie acotada de casas, baseándonos, por un lado, na metodoloxía de reconstrución de familias (Henry, 1983: 105 ss.), e, por outro, na metodoloxía aplicada por Michael Nassiet no seu coñecido estudo sobre as reconstrucións xenealóxicas da pequena nobreza bretona, no cal demostrou os bos resultados que se poden obter logo de incluír a información sociolóxica como soporte imprescindible no esquema xenealóxico da casa nobiliaria (Nassiet, 1990).

Así que, partindo da documentación familiar conservada nunha serie de arquivos privados fidalgos, reconstruímos todas as xeracións biolóxicas de vinte casas linaxudas con soares orixinarios na Galicia interior dende os seus comezos históricos, frecuentemente entre 1550 e 1650, ata as primeiras décadas do século XIX, coa intención de despezar algunhas das dúbidas que non resolve o Catastro de Ensenada (Presedo Garazo, 2001a: 81 ss).

Os 59 matrimonios de que temos constancia documental, entre os cales se atopan as parellas de xefes, tiveron, de media, unha prole composta por 3,4 fillos, superando, polo tanto, os valores obtidos a partir do catastro para mediados do XVIII. Trátase dunha descendencia extensa, sobre todo se temos en conta que esta media de fillos só fai referencia ós descendentes que aparecen citados na documentación familiar consultada (principalmente testamentos, dotes, arras, doazóns...); ou expresado noutros termos, ós

que estaban vivos cando os xefes se referiron a eles no momento en que comezaron a sentir a necesidade de ir preparando o camiño para que o novo relevo xeracional se efectuase coa menor conflictividade interfamiliar posible. Se tomamos esta media de 3,4 fillos teóricos como o 60% sobrevivente do total enxendrado por cada matrimonio, supoñendo que un 40% da prole xa falecera, esta media podería ser incluso algo maior, ata situarse en 5,66²⁸. Hipótese que se ve referendada polo feito de que ata un 45,76% destas parellas tiveron entre 3 e 5 fillos coñecibles. Exactamente, os datos desagregados segundo o número de fillos por cada parella son os seguintes:

nº de fillos	casos	Total fillos por tramo
0	4	0
1	11	11
2	7	14
3	9	27
4	9	36
5	9	45
6	4	24
7	3	21
8	3	24
TOTAL	59	202

Táboa 8. Número de fillos/as que tiveron 59 matrimonios de 20 casas fidalgas da Galicia interior entre 1550 e 1830.

Un 61,90% da prole está composta por varóns, no tanto que as mulleres presentan unha porcentaxe bastante menor: un 38,09%. A grandes trazos, esta proporción ven confirmar a información catastral, se ben é certo que naquela fonte a preponderancia masculina entre a descendencia resulta menos acusada.

A casa contaba, así, en cada xeración biolóxica, cunha media de fillos comprendida entre 3,4 e 5,66 individuos, dos cales a maioría eran varóns. Loxicamente, para que o modelo reproductivo da casa se puidese materializar con éxito había que casar vantaxosamente a aqueles/as fillos/as ós que o seu matrimonio puidese supoñer novas expectativas de promoción²⁹, condenando á solteiría ó resto da descendencia directa en primeiro grao. Con iso poñíase en funcionamento unha política matrimonial moi restrictiva. Na media en que o matrimonio operaba na práctica como un mecanismo efectivo para establecer novas alianzas familiares que tamén propiciaban procesos de ascenso social (Dubert García, 1992: 190; e Migués Rodríguez, 2002: 96-108), as fillas foron postas no mercado matrimonial con máis asiduidade que os varóns (un 64,06% fronte a un 51,92%). É destas unións conxugais selectivas de onde van saír as novas parellas de donos que, no futuro, terán que velar para que a casa continúe a súa andaina segundo as pautas establecidas nos documentos fundacionais. Por este motivo, o matrimonio dun descendente debía ser pactado o mellor posible, previamente estudado, e estar á altura das expectativas

28 Moi próxima, pois, ós 5,8 fillos/familia das familias de “un nivel socio-económico algo superior a la media de la jurisdicción” de Xallas durante o século XVIII (Barreiro Mallón, 1978²: 186).

29 Véxase comparativamente a análise que fan Leonor Davidoff & Catherine Hall (1994²: 321 ss.) en relación co importante papel que desempeña a familia no proceso de consolidación das fortunas da clase media inglesa durante o período 1780-1850. Cf. ademais Beckett (1986: 103-108) e Dewald (1996: 168-176).

que a casa puxera no seu exitoso desenlace. E para iso, era necesario contar non só cun capital material e simbólico considerable xa vinculado, senón tamén cun patrimonio aínda sen amortizar que estivese á altura do prezo fixado nos contratos de dote e arras, para que o matrimonio, finalmente, se puidese chegar a consagrar. De feito, segundo a evolución do prezo das dotes destas vinte casas fidalgas no momento de formalizar os seus pactos matrimoniais, acádase o teito na primeira metade do século XVIII.

Período	rs. aboados	% de incremento
1601-1650	5.358,33	
1651-1700	33.330,00	+ 522
1701-1750	42.253,16	+ 26
1751-1800	26.525,00	- 37

Fonte: Presedo Garazo, 2001a: 290.

Táboa 9. Prezo dos contratos matrimoniais da fidalguía rural galega, segundo unha mostraxe de 20 casas fidalgas.

Para o resto dos fillos, para os cales o matrimonio era pouco menos que un estado inimaxinable polo difícil que resultaba desposarse á marxe do apoio da casa, o celibato definitivo perfilábase como a opción máis viable. Ó contrario do que acontece no momento de casar, as fillas solteironas pasaban a un segundo plano en comparación cos seus homólogos masculinos que tampouco accederan ó matrimonio, e permanecían na casa ó amparo dos novos donos desempeñando habitualmente tarefas relacionadas co servizo (Vaquero Lastres, 1986: 55). Así, pese a que a porcentaxe de fillos solteiros era máis elevado ca das fillas solteiras, cun 48,07% fronte a un 35,93%, as opcións que se lle presentaban a estes primeiros eran, non obstante, máis vantaxosas. Ata un 62% destes segundóns solteiróns abrazaban a relixión, situándose á fronte de curatos parroquiais ou entrando nalgún cenobio (Vaquero Lastres, 1986: 58; e Presedo Garazo, 2001a: 463-465), e, os menos, accedendo a cargos de responsabilidade na xerarquía eclesiástica dalgunha das cinco mitras galegas. De feito, segundo demostrou Arturo Iglesias Castelao (1996: 437) tras estudar os 311 expedientes de limpeza de sangue dos eclesiásticos prebendados na Catedral de Santiago de Compostela entre 1545 e 1752, ata un 66,99% dos mesmos eran de procedencia fidalga ou fillos e/ou netos de cabaleiros. Uns poucos formaban parte do reducido 8,65% do total de varóns que accederan á milicia con claras opcións de conseguir un cargo militar, sobre todo a medida que avancemos no século XVIII (Andújar Castrillo, 1979: 13 e 15). E incluso, máis recentemente, tivemos ocasión de demostrar que o mundo académico tamén resultou unha boa saída para os descendentes fidalgos que buscaban unha recolocación futura na administración civil ou eclesiástica (Presedo Garazo, 2003a).

En cambio, tan só un 21,73% das fillas que permanecían solteiras o resto das súas vidas -isto é, case que un cuarto- contaba coa posibilidade de ingresar nun cenobio. E iso, aínda dando por suposto que había en Galicia un prestixioso convento feminino ó que dirixían as casas fidalgas máis acomodadas a algunhas das súas fillas: San Paio de Antealtares, en Santiago de Compostela. A elevada dote de 1.400 ducados, fixada en 1696, debeu resultar, sen embargo, imposible para moitas delas (Colombás, 1980: 195 ss.). O resto, que representaba un maioritario 78,26% das mesmas, permanecían na casa. Ó non casaren nin tampouco ingresar nunha institución eclesiástica regular, a casa víase parcialmente liberada de novos desembolsos económicos tras evitar o pago de novas dotes.

Xusto así, controlando rigorosamente o destino dos corresidentes, os donos podían ter a seguridade e a certeza case absolutas de que se podería perpetuar o patrimonio da casa, e con el, sobre todo, a súa posición de preeminencia social que eles mesmos heredaran dos seus devanceiros, para amplialo incluso con novas melloras vinculares. De feito, o maior impulso na actividade fundacional que protagonizan estas vinte casas aínda acontece entre 1650 e 1750 (Presedo Garazo, 2001a: 195-198)³⁰, coincidindo cunha etapa na que, por certo, tamén se incrementa o ritmo de acceso ós títulos nobiliarios por parte da fidalguía galega no seu conxunto (Acuña Rubio, 2002).

Pouco despois desta etapa expansiva da propiedade vinculada galega, baseada - en boa medida- neste modelo de reprodución social que se articula a partir dunha política matrimonial restrictiva e dun sistema sucesorio non igualitario, no terceiro cuarto do século XVIII, un fidalgo da comarca de Melide, chamado don Juan Francisco Valeriano Varela y Aguiar, decidiu redactar os seus *Cien discursos concisos y morales* para indicarlle ós seus fillos cómo debían comportarse. Precisamente, quixéramos finalizar esta reflexión cun dos seus discursos que resume moi expresivamente a idea fundamental que subxace nesta dinámica reproductiva:

“En la cassa se ha de oír
en grande enojo o pequeño
no mas que la voz del dueño”³¹.

BIBLIOGRAFÍA

- ACUÑA RUBIO, Carlos, 2002, «Títulos nobiliarios de los hijos de Galicia», *Boletín de Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia*, 1: 37-50.
- AGO, Roberto, 1995, «Ruoli familiari e statuto giuridico», *Quaderni Storici*, 88: 111-133.
- ANDÚJAR CASTRILLO, F., 1979, «Aproximación al origen social de los militares en el siglo XVIII (1700-1724)», *Chronica Nova*, 10: 5-31.
- BARREIRO MALLÓN, Baudilio, 1978², *La jurisdicción de Xallas en el siglo XVIII. Población, sociedad y economía*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da USC.
- BECKETT, J.V., 1986, *The Aristocracy in England, 1660-1914*. Oxford: Basil Blackwell.
- BROWN, Keith M., 2000, *Noble Society in Scotland. Wealth, Family and Culture from Reformation to Revolution*. Edimburgo: Edingurh University Press.
- BURGO LÓPEZ, Concepción
(2001): «Lugo na Idade Moderna». ARIAS VILAS, Felipe *et al.*, *Historia de Lugo*. A Coruña: Vía Láctea, 120-183.
(2002): «Hidalgos, clérigos y artesanos: la sociedad lucense a mediados del siglo XVIII». FERNÁNDEZ CORTIZO, Camilo, GONZÁLEZ LOPO, Domingo L. e MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Enrique (eds.), *Universitas. Homenaje a Antonio Eiras Roel*, t.I. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da USC, 361-382.
- CAMÕES GOUVEIA, António, 1997, «A linhagem ou o tempo da memória. D. Francisco Manuel de Melo e o nobre seiscentista», *Ler História*, 18: 3-34.

30 Resultado análogo obtivo Luis Domínguez Castro (1996: 129-130) para o conxunto da provincia de Ourense, cunha importancia aínda maior da actividade fundacional durante o século XVIII.

31 ACF, Libro becerro..., f.86r., terceto nº89.

- CASEY, James, 1989, *The history of the family*. Oxford: Basil Blackwell.
- COLOMBÁS, García M., 1980, *Las señoras de San Payo. Historia de las Monjas Benedictinas de San Pelayo de Antealtares*. Santiago de Compostela: Caixa de Aforros de Galicia.
- COMOXO, Xosé e SANTOS, Xesús, 1997, *A heráldica nas terras de Rianxo: brasóns e liñaxes*. A Coruña: Deputación da Coruña.
- CUNHA, Mafalda Soares da, 2000, *A Casa de Bragança, 1560-1640. Práticas senhoriais e redes clientelares*. Lisboa: Estampa.
- CHACÓN JIMÉNEZ, Francisco, 1995, «Hacia una nueva definición de la estructura social en la España del Antiguo Régimen a través de las familias y las relaciones de parentesco», *Historia Social*, 21: 75-104.
- DAVIDOFF, Leonor & HALL, Catherine, 1994², *Family Fortunes. Men and women of the English middle class, 1780-1850*. Londres: Routledge.
- DEWALD, Jonathan, 1996, *The European Nobility, 1400-1800*. Cambridge: Cambridge University Press.
- DOMÍNGUEZ CASTRO, Luis
(1992): *Viños, viñas e xentes do Ribeiro. Economía e patrimonio familiar, 1810-1952*. Vigo: Xerais.
(1996) «Las tierras vinculadas orensanas a finales del Antiguo Régimen: origen y formas de explotación». FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo e BALBOA LÓPEZ, Xesús, *La sociedad rural en la España contemporánea. Mercado y patrimonio*. Sada: O Castro, 121-137.
- DUBERT GARCÍA, Isidro, 1992, *Historia de la familia en Galicia durante la Época Moderna, 1550-1830 (Estructura, Modelos hereditarios y Conflictividad)*. Sada: O Castro.
- EIRAS ROEL, Antonio, 1984, «Las élites urbanas de una ciudad tradicional: Santiago de Compostela a mediados del siglo XVIII». VV.AA., *La Documentación Notarial y la Historia*, t.I. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da USC, 117-139.
- FARIÑA COUTO, Luciano, 1993, «Notas sobre heráldica y genealogía de algunos linajes del Ribeiro de Avia deducidas de un manuscrito de comienzos del siglo XVIII», *Boletín Avriense*, XXIII: 255-287.
- FAYARD, Janine, 1982, *Los miembros del Consejo de Castilla (1621-1746)*. Madrid: Siglo XXI.
- FERNÁNDEZ CORTIZO, Camilo
(1991): «Estrategias familiares y pequeña explotación campesina en la Galicia del siglo XVIII». SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto y VILLARES PAZ, Ramón (eds.), *Señores y campesinos en la península ibérica, siglos XVIII-XX*, t.2. Barcelona: Crítica, 310-345.
(2002): «Púlpitos y escribanías: los orígenes de los linajes hidalgos en Tierra de Montes (ss.XVI-XVIII)». FERNÁNDEZ CORTIZO, Camilo, GONZÁLEZ LOPO, Domingo L. e MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Enrique (eds.), *Universitas. Homenaje a Antonio Eiras Roel*, t.I. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da USC, 235-254.
- FERNÁNDEZ SUÁREZ, Gonzalo Francisco, FRAMINÁN SANTAS, Ana María e PRESEDO GARAZO, A., 2002, «Galicia en 1480: La readaptación del estamento nobiliario». VV.AA.: *Enfrontaments civils: Postguerres i reconstruccions*. Lleida: Associació Recerques, 31-47.
- FERRO COUSELO, Xesús, 1972, «Gente llana con ventura. Los Boanes», *Boletín Avriense*, II: 7-73.
- GACTO, Enrique, 1984, «El marco jurídico de la familia en Castilla. Edad Moderna», *Historia, Instituciones, Documentos*, 11: 37-66.
- GARCÍA IGLESIAS, Xosé Manuel e COAG, 1989, *Pazos de Galicia*, 2 vols. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- GASALLA REGUEIRO, Pedro Luis e SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto, 2000, «Alumnos, bachilleres y catedráticos en el siglo XVIII». BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (coord.), *Historia de la Universidad de Santiago de Compostela. T.I, De los orígenes al siglo XIX*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da USC, 491-583.
- GOODOY, Jack, 2000, *The European Family. An Historico-Antropological Essay*. Oxford: Blackwell Publishers.
- HENRY, Louis, 1983, *Manual de demografía histórica*. Barcelona: Crítica.

- HUDEMANN-SIMON, C., 1986, «Une noblesse en déclin a la fin de l'Ancien Régime. Le role des circonstances et les effets des comportements dans l'éche du second ordre luxemburgeois», *Histoire, Economie et Société*: 77-102.
- IGLESIAS BLANCO, Anastasio Santos, 2003, «La casa de Junqueras en el siglo XVIII y XIX. Contribución al estudio de las economías hidalgas», *Obradoiro de Historia Moderna*, 12: 247-270.
- IGLESIAS CASTELAO, Arturo, 1996, «Análisis sociológico del Cabildo compostelano a través de los expedientes de limpieza de sangre», *Compostellanum*, XLI: 421-450.
- LABAUT, J.-P., 1972, *Les ducs et pairs de France au XVII^e siècle*. Paris: Presses Univ. de France.
- LASLETT, Peter, 1978², *Household and Family in Past Time*. Cambridge: Cambridge University Press.
- LEIRÓS DE LA PEÑA, Paz, 1986, *La Casa de Fontefiz (Contribución al estudio de la hidalguía gallega)*, memoria de licenciatura inédita. Santiago de Compostela: USC.
- LOBATO, Xurxo (coord.), 2001, *La Galicia de los pazos*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- MEYER, Jean, 1981, «Noblesse des bocages : essai de typologie d'une noblesse provinciale». KÖPECZI, Béla & BÁLAZS, Eva H. (dirs.), *Noblesse française, noblesse hongroise, XVI^e-XIX^e siècles*. Budapest : Akadémiai Kiadó, 35-56.
- MIGUÉS RODRÍGUEZ, Vitor Manuel
- (1997): *A fidalguía galega: un brebe enxergar histórico através da Casa de San Fiz de Asma e agregadas no Antigo Réxime*. Santiago de Compostela: Tórculo.
- (2000): «Una visión en panorámica de la hidalguía gallega», *Obradoiro de Historia Moderna*, 9: 301-323.
- (2002): *A terra, as pousas e os vinculeiros. A fidalguía galega na Época Moderna*. Sada: O Castro.
- MONTEIRO, Nuno G.
- (1993a): «Casa e Linhagem: o Vocabulario Aristocrático em Portugal nos Séculos XVII e XVIII», *Penélope. Revista de História e Ciências Sociais*, 12: 43-63.
- (1993b): «Casamento, celibato e reprodução social: a aristocrácia portuguesa nos séculos XVII e XVIII», *Análise Social*, 123-124: 921-950.
- (1993c): «Casa, reprodução social e celibato: a aristocrácia portuguesa nos séculos XVII e XVIII», *Hispania*, 185: 907-936.
- (1998): *O crepúsculo dos Grandes. A casa e o patromónio da aristocrácia em Portugal (1750-1832)*. Lisboa: Imprensa Nacional.
- (2000): «Aristocratic Succession in Portugal (From the Sixteenth to the Nineteenth Centuries». PINA-CABRAL, João (de) & LIMA, Antónia Pedroso (eds.), *Elites. Choice, Leadership and Succession*. Oxford: Berg Editorial (Oxford International Publishers), 133-148.
- NASSIET, Michael
- (1990) : «Histoire sociale et methode lignagere. L'exemple de la petite noblesse de Haute-Bretagne», *Histoire, Economie et Société*: 545-554.
- (1997): *Noblesse et pavreté. La petite noblesse en Bretagne, XVe-XVIIIe siècle*. Bannalec: Archives Historiques de Bretagne.
- PÉREZ PICAZO, María Teresa, 1990, *El mayorazgo en la historia económica de la región murciana. Expansión, crisis y abolición (s.XVII-XIX)*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.
- PRESEDO GARAZO, Antonio
- (1997a): *Os devanceiros dos pazos. Economía e estratexias sociais da pequena fidalguía na Galicia interior (ss.XVI-XVIII)*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- (1997b): «A pequena fidalguía rural e a parceria de gando: a Casa da Fraga de San Xiao de Carballo –Friol– (1680-1800)», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 109: 53-78.
- (1999): «O luxo na fidalguía galega a través do exemplo da Casa-Torre de Raíndo, 1798-1800». ALONSO GIRGADO, Luis (coord.), *Homenaxe ó Profesor Manuel Quintáns*. Santiago de Compostela: Follas Novas, 183-207.

(2001a): *Dueños y señores de casas, torres y pazos, 1500-1900 (Contribución al estudio de la fidalguía gallega)*, 2 vols., tese de doutoramento inédita. Santiago de Compostela: USC.

(2001b): «La hidalguía gallega: características esenciales de la nobleza provincial del reino de Galicia durante el Antiguo Régimen», *Obradoiro de Historia Moderna*, 10: 225-245.

(2003a): «Estudiantes de condición nobiliaria en la Universidad de Santiago de Compostela (siglos XVII y XVIII): Aproximación a su perfil sociológico», *Hispania*, 215: 907-968.

(2003b): «El libro de correspondencia de don Blas María Rubiños (1790-1807): Presentación temática de su contenido y transcripción», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 116: 131-176.

REY CASTELAO, Ofelia

(1981): *Aproximación a la historia rural en la comarca de La Ulla (siglos XVII y XVIII)*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da USC.

(1998): *A Galicia clásica e barroca*. Vigo: Galaxia.

RODRÍGUEZ FERREIRO, Hilario

(1973): *La Tierra de Trasdeza, una economía rural antigua. Población y economía en la antigua jurisdicción de Trasdeza en la primera mitad del siglo XVIII*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da USC.

(1981): «La hidalguía rural del Morrazo en el siglo XVIII: Análisis sociológico de un grupo dirigente». EIRAS ROEL, Antonio et al., *La historia social de Galicia en sus fuentes de protocolos*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da USC, 217-272.

RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Ángel, 1990, «El poder de la familia: la patria potestad en el Antiguo Régimen», *Crónica Nova*, 18: 365-380.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto

(1979): *Economía rural antigua en la montaña lucense. El Concejo de Burón*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da USC.

(1985): *Economía, Política y Sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830*. Madrid: Xunta de Galicia.

(1997): «Formación, consolidación e influencia social e cultural da fidalguía, ss.XVI-XVIII». VV.AA., *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego. I, Historia*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 123-156.

(1998): «A vida cotiá da fidalguía pacega». VV.AA., *Un percorrido pola Galicia cotiá*. Santiago de Compostela: AGH, 373-396.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P. e VILLARES PAZ, R., 1985, «Galicia en el Antiguo Régimen: la fortaleza de una sociedad tradicional». FERNÁNDEZ, R. (ed.), *España en el siglo XVIII. Homenaje a Pierre Vilar*. Barcelona: Crítica, 434-504.

SOBRADO CORREA, Hortensio, 2001, *Las Tierras de Lugo en la Edad Moderna. Economía campesina, familia y herencia, 1550-1860*: A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.

STONE, Lawrence & FAWTIER STONE, Jeanne C., 1986, *An Open Elite? England, 1540-1880*. Oxford & New York: Oxford University Press.

VAQUERO LASTRES, Berta María, 1986, «La hidalguía en Betanzos en el siglo XVIII: la familia y la vivienda», *Anuario Brigantino*, 9: 53-62.

VILA JATO, María Dolores, 1993, «El pazo en Galicia». RAMALLO ASENSIO, Germán (coord.), *Arquitectura señorial en el Norte de España*, Oviedo: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Oviedo, 27-43.

VILLARES PAZ, Ramón

(1982): *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*. Madrid: Siglo XXI

(1999): «La nobleza gallega en los siglos XVI al XIX: la hegemonía de la hidalguía de pazo». IGLESIAS, Carmen (dir.), *Nobleza y sociedad en la España Moderna*, t.3. Oviedo: Fundación Cultural de la Nobleza Española, 31-63.